

# A presenza da lingua galega na prensa diaria de Galiza. Mínima, de baixa cualidade e sen xustificación

Marcos Sebastián Pérez Pena<sup>1</sup>, Berta García Orosa<sup>2</sup>,  
José Villanueva Rey<sup>3</sup>, Miguel Túñez López<sup>4</sup>

## Introdución e metodoloxía

A presenza da lingua galega na prensa de Galiza é moi reducida, pois só está presente en cinco de cada cen páxinas publicadas. Esta situación é paradoxal, se temos en conta que a práctica totalidade dos cidadáns galegos entende e fala esta lingua e que máis de dous terzos lena sen dificultade. Se analizamos con detemento os datos, advertimos que situación é aínda máis grave, pois a proporción de galego na superficie redaccional (os textos propios do xornal) é mesmo menor (non chega ao 4%) e nos xéneros informativos (agás a entrevista) aínda descende máis (tres por cento). Ademais, a lingua galega fica excluída de determinadas seccións e temáticas “duras”, como a información política española e mundial ou a economía, quedando reservado o seu uso case exclusivamente a seccións e temáticas máis “brandas”: cultura, sociedade..., e máis locais.

A situación é semellante en todos os xornais, salvando a excepción do *Galicia Hoxe*, integramente redactado en galego, pero de escasa en incidencia social dado a súa limitada distribución e o seu carácter institucional. Nos últimos 25 anos, o emprego do galego na prensa foi medrando, mais moi de vagar, unha situación significativamente contraditoria non só co dominio e o uso da lingua galega por parte dos habitantes da Galiza, senón coa reivindicación social latente (mais demostrada por varios estudos e pesquisas) dunha maior presenza da lingua propia de Galiza na prensa do país.


Para a realización deste estudo, levouse a cabo un baleirado dos doce xornais galegos de información xeral durante seis meses (xaneiro a xuño de 2003), mediante a escolla dunha mostra de 22 días, cun intervalo de oito xornadas entre cada unha, para recoller como mínimo tres exemplos de cada día da semana. Ademais, realizáronse entrevistas aos responsábeis de todos os medios escritos estudados, así como aos dun grupo dunhas trinta emisoras galegas de radio e TV.

## Estrutura sociolingüística de Galiza

Sete de cada dez galegos maiores de cinco anos (o 68,66%) saben ler en galego. Esta medición da capacidade de lectura en lingua galega amosa uns resultados positivos, aínda que lonxe dos de comprensión do idioma, practicamente unánime (99,16%) e dos de fala, que indican que máis de nove de cada dez galegos (91,05%) dominan oralmente a súa lingua<sup>5</sup>. Así pois, non existe un impedimento estrutural para que os xornais que editan en Galiza poidan publicar as súas páxinas en lingua galega, xa que a maioría de poboación pode ler en galego.

En canto ao uso real da lingua, os datos galegos reflicten unha sociedade galegofalante, monolingüe, mais con tendencia a descender. En concreto, case seis de cada dez galegos (56,85%) son monolingües en lingua galega, tres de cada dez (30,29%) son bilingües (empregan cada día as dúas linguas) e menos do trece por cento son castelanfalantes. En cambio, se nos referimos tan só ás oito cidades nas que se editan xornais diarios, os seus habitantes decláranse maioritariamente bilingües, atopando máis castelanfalantes que galegofalantes. Por cidades, destacan en primeiro lugar Santiago de Compostela, Lugo e Ourense, pola súa elevada proporción de galegofalantes (entre 38 e 44 por cento) e reducido número de monolingües en castelán (11 e 14 por cento). Nun nivel intermedio atopamos a Vilagarcía de Arousa, cunha maioría de bilingües (44,5%), pero case a mesma cifra de galegofalantes (36,8%); e a Pontevedra, cuxos habitantes divídense practicamente en tres terzos segundo a súa lingua de uso cotián, (aínda que se inclinan lixeiramente en favor do galego). As outras tres cidades (Vigo, A Coruña e Ferrol) caracterízanse polo seu bilingüismo (arredor do 55% dos seus habitantes), cunha maior proporción de cidadáns que falan en castelán (entre o 25 e o 30 por cento)

**Figura nº 1. Lingua habitual dos habitantes das oito cidades galegas nas que se editan xornais e total galego**



### Datos xerais

Cinco de cada cen páxinas publicadas pola prensa editada en Galiza están en lingua galega, unha proporción que é maior na superficie publicitaria (supera o dez por cento sobre a superficie publicitaria total) que na redaccional (non chega ao catro por cento). Ningún xornal (salvando a excepción do *Galicia Hoxe*, xa comentada) emprega o galego en proporcións moi superiores á media, mais si hai diferenzas. Se nos fixamos

nos datos xerais, sumando publicidade e redacción en galego, o xornal que máis superficie en galego ten é o o *Diario de Arousa* co 7,72%, seguido do *Diario de Pontevedra*, co 7,5%. *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia* superan lixeiramente a media e *El Progreso* rolda igualmente o cinco por cento. No punto oposto, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *Atlántico Diario* e *Faro de Vigo* publican unha proporción moi escasa de contidos en lingua galega, situándose por debaixo do catro e mesmo do tres por cento.

**Táboa nº 2. Presenza proporcional da lingua galega nas superficies redaccional e publicitaria dos xornais, sobre a superficie total publicada**

Xornal	% de redacción en galego sobre a superficie total	% de publicidade en galego sobre a superficie total	% de galego sobre a superficie total
La Voz de Galicia	2,62	2,94	5,56
Faro de Vigo	1,44	2,45	3,89
El Correo Gallego	3,03	2,79	5,82
La Región	3,35	3,05	6,4
El Progreso	2,32	2,68	5,01
La Opinión	1,98	1,24	3,22
Diario de Pontevedra	4,67	2,83	7,5
El Ideal Gallego	1,66	1,1	2,75
Diario de Ferrol	3,47	1,62	5,08
Diario de Arousa	5,13	2,59	7,72
Atlántico Diario	2,50	1,26	3,76
Galicia Hoxe	89,23	4,85	94,1
Media sen GH	2,9	2,26	5,15
Media con GH	8,33	2,42	10,74

Polo que atinxe aos contidos propios do xornal, á superficie redaccional, o que máis emprega a lingua propia de Galiza é o *Diario de Arousa*, co 6,17%, seguido moi de cerca polo *Diario de Pontevedra* co 6,02%. Os outros xornais que pasan por riba da media (3,69%) son *El Correo Gallego* co 3,73%, *Diario de Ferrol* co 4,39% e *La Región* co 4,45%. Pola contra, os xornais que menor espazo lle dedican á redacción en galego son o *Faro de Vigo* (1,9%), *El Ideal Gallego* (2,2%) e *La Opinión* (2,23%). *El Progreso* de Lugo, *Atlántico Diario* e *La Voz de Galicia* están por riba do 3% pero sen chegar á media.

A media de superficie de publicidade en galego sobre o total de publicidade dos doce

xornais é de 11,56%, unha de cada dez páxinas. Se non temos en conta a *Galicia Hoxe* a media baixa até o 10,44%, xa que este xornal presenta unha proporción do 45,1%, moi por riba do resto. Os medios que teñen unha maior proporción de publicidade en galego son o *Diario de Arousa* (15,32%), *El Correo Gallego* (14,76%), *Diario de Pontevedra* (12,62%) e *La Región* (12,29%). *El Ideal Gallego* é o xornal que publica menos publicidade en galego, tan só o 4,45% do total e a seguir atopamos o *Diario de Ferrol*, co 7,69% e o *Atlántico Diario*, co 9,6%. Os outros dous xornais por debaixo da media son *El Progreso* e *Faro de Vigo*, con algo máis do 10%.

**Táboa nº 3. Presenza proporcional da lingua galega nas superficies redaccional e publicitaria dos xornais, sobre o volume total de cada unha das superficies**

Xornal	% de redacción en galego sobre o total de superficie redaccional do xornal	% de publicidade en galego sobre o total de superficie publicitaria do xornal
La Voz de Galicia	3,55	11,17
Faro de Vigo	1,9	10,25
El Correo Gallego	3,73	14,76
La Región	4,45	12,29
El Progreso	3,17	10,06
La Opinión	2,23	11,27
Diario de Pontevedra	6,02	12,62
El Ideal Gallego	2,2	4,45
Diario de Ferrol	4,39	7,69
Diario de Arousa	6,17	15,32
Atlántico Diario	3,07	9,6
Galicia Hoxe	100	45,1
Media sen GH	3,69	10,44
Media con GH	10,53	11,56

Visualmente, os doce xornais diarios de Galiza publican cada día máis de 855 páxinas (exceptuando suplementos), das que unhas 92 (91,95) están en lingua galega. Non obstante, desas case cen páxinas, máis da metade (50,63) corresponden a *Galicia Hoxe* e pouco máis de 41 aos outros once xornais. Sen ter en conta ao *Galicia Hoxe*, o xornal medio galego publica cada día 73 páxinas (72,9),

das que case catro (3,76) están en galego e o resto, máis de 69 (69,15), edítanse en castelán. Imprime case 16 páxinas de publicidade (15,76) e máis de 57 (57,15) de información. Dentro desta superficie redaccional, dúas páxinas están en galego (2,11) e 55 (55,04) en castelán. E en canto á publicidade, case dúas páxinas son en galego (1,64) e as restantes 14 (14,11) publícanse en castelán.

### **Proporción de galego en cada día da semana**

A proporción de galego publicada polos xornais cada día da semana mantén un grande equilibrio de luns a venres, roldando o catro por cento (entre o 3,83 e o 4,55%), para subir lixeiramente os sábados, nos que acada o cinco por cento e dispararse os domingos, nos que supera o sete. O último día da semana desequilibra de tal forma a tendencia, que eleva a media semanal até o 5,15, deixando os restantes días por debaixo desa cifra (Táboa 4).

A proporción de textos en galego sobre a superficie redaccional total do xornal segue unha dinámica moi semellante á xa explicada sobre a superficie total publicada na nosa lingua e mesmo se acentúan algúns dos seus riscos. Máximo equilibrio, pois, de luns a sábado (este día, referíndonos aos datos totais, destacábase un tanto co respecto aos demais gracias á publicidade), superando por pouco o tres por cento. E gran diferenza en relación ao domingo, que cun 6,07% de galego practicamente duplica os datos das demais xornadas.

En canto á publicidade en galego, a distribución é máis complexa. O primeiro que se advirte é unha importante diferenza entre a fin de semana e os demais días. Sábados (sobre todo) e domingos exceden con folgura o dez e medio por cento de publicidade en galego sobre a superficie publicitaria total. Mentres, os restantes días con dificultade se achegan ao nove por cento (martes e mércores) ou mesmo baixan do oito (venres). Por último, hai que salientar a baixa porcentaxe que rexistran os luns, próxima ao seis por cento.

### **Tipoloxía dos contidos inseridos**

O galego, na redacción, é usado sobre todo no humor (16,38%), algo menos nas cartas (11,69%), artigos de opinión (10,81%) e entrevistas (9,65%) e moi escasamente nos restantes xéneros informativos (3,04%) e nas informacións de servizo (2,35%) Táboa 5.

A superficie redaccional publicada en lingua galega, con todo, corresponde en maior medida a pezas informativas (sen facer posteriores delimitacións: noticia, reportaxe,

crónica...), que ocupan as dúas terceiras partes da superficie total (65,85%). A gran distancia se atopan os artigos de opinión, que acadan o quince por cento dos módulos (15,39%). Son menos habituais as informacións de servizo en galego (sete por cento da superficie) e as entrevistas, que representan seis de cada cen módulos

Nas noticias publicadas en galego predomina a temática “social” (case tres de cada dez), agrupación moi heteroxénea que aglutina dende novas do corazón, sucesos, medio ambiente ou saúde. Case cos mesmos módulos atopamos as informacións de tipo cultural, que representan máis de unha de cada catro (27,56%). A outra gran temática é a política, que suma máis do vinte por cento dos módulos (22,12%) e se converte no único espazo de información “dura” no que o galego ten unha presenza algo significativa (aínda que a maior parte corresponde a temas de ámbito local ou galego); a economía non pasa do catro por cento e apenas se atopan dezasete pezas de información marítima. Si acadan certa importancia, en cambio, as noticias de comunicación, próximas ao oito por cento (7,77%), gracias sobre todo á información sobre os programas e actividades da CRTVG (Compañía de Radio Televisión de Galicia) Figura 2.

Dous ámbitos sobresaen por riba dos demais: o local e o galego, pois entre os dous suman máis de tres de cada catro módulos publicados en galego. A información sobre Galiza rolda o 43% da superficie total e a local supera o 32%. Entre os demais ámbitos, ningún chega ao dez por cento e só o comarcal e o internacional acada cifras significativas, moi superiores ás dos ámbitos español e provincial (Figura 3).

As seccións nas que os xornais publican maior cantidade de contidos en galego son Local, Cultura, Opinión e Galiza, que suman entre as catro máis dun 55 por cento dos contidos publicados en galego. Xa por debaixo do dez por cento, outros espazos dos xornais onde é menos difícil atopar informacións en galego son Comarcas e Sociedade, ambas as dúas con máis dun oito por cento cada unha. A moita distancia, con porcentaxes moi baixas, atopamos as distintas seccións de servizos (axendas, guías, grellas de programación televisiva...), que acadan o


**Táboa nº 4. Evolución diaria da proporción da lingua galega sobre o volume total publicado pola prensa galega**

	LU	MA	ME	XO	VE	SÁ	DO	MEDIA
MEDIA (sen computar o Galicia Hoxe)	3,83	4,37	4,44	4,55	3,92	5	7,18	5,15


**Táboa nº 5. Presenza proporcional da lingua galega en cada un dos xéneros da superficie redaccional da prensa galega**

	Inform.	Entrvst	Opinión	Humor	Cart.	Serviz.
% en lingua galega	3,04	9,65	10,81	16,38	11,69	2,35

**Figura nº 2. Publicación en galego, por temas, sobre o total publicado en lingua galega**



**Figura nº 3. Publicación en galego, por ámbitos, sobre o total publicado en lingua galega**



sete por cento, a sección de comunicación, con especial protagonismo para a CRTVG, e as contraportadas dos xornais, xa por debaixo do cinco por cento. Pola contra, aquelas seccións nas que é moi complicado atopar a lingua galega son Mundo (0,53%), Economía (1,87%), Deportes (1,84%), as portadas (0,09%) e a sección de España, na que, en todas as mostras do noso estudio, non demos con ningún módulo en lingua galega.

### Publicidade

Case a metade das insercións publicitarias en galego (47%) teñen como orixe algunha administración pública, nomeadamente a Xunta de Galicia ou os Concellos. Polo súa banda, as Empresas privadas contratan ao redor de dous de cada dez módulos publicitarios en galego (20,40%). Séguenlles as asociacións e as fundacións, cun 16,63%, os partidos políticos (sete por cento) e as autopromocións dos xornais, que rozan o seis por cento (5,9%). As necrolóxicas e outros anuncios contratados por particulares (como os clasificados) non chegan ao tres por cento (Figura 4).

A Xunta publica máis de catro de cada dez módulos de publicidade con financiamento público, os Concellos case o 25%, a TVG (Televisión de Galicia) o 16% e a porcentaxe restante repártese entre as universidades, as deputacións provinciais e outros organismos públicos. A Xunta de Galicia publica 3260 módulos en galego e 267 módulos en castelán, o que representa case o dez por cento de toda a publicidade inserida pola Xunta na prensa galega (8,19%).

En canto aos Concellos, o que máis publica é o de Vigo, con 412 módulos en galego (case o vinte por cento -17,44%- de toda a publicidade contratada polos concellos galegos). Séguelle o concello de Santiago de Compostela con 270 módulos (o 11,43%), o concello de Pontevedra con 217 módulos (o 9,18%), o de Ferrol, con 178 módulos, e o de Lugo, con 41 módulos. Estas catro cidades contratan toda a súa publicidade en galego. Non fan así nin o Concello de Ourense, con 73 módulos en galego e 10 en castelán, nin sobre todo o da Coruña, que publicou 60 módulos en galego e 217 en

castelán. Isto representa que máis de tres cuartas partes (78,34%) da publicidade do consistorio herculino están en castelán e o 21,66% en galego.

Por último, están as tres Universidades galegas que publicaron no período analizado un total de 276 módulos de publicidade en galego. Neste apartado está á cabeza a Universidade de Vigo, con 130 módulos, case a metade (o 47,10%) do publicado polas Universidades, despois está a de Santiago de Compostela, que publica 80 módulos (o 28,99%) e por último a Universidade da Coruña, con 66 módulos (o 23,91%). A Universidade coruñesa publicou tamén 24 módulos en castelán, o que equivale a unha cuarta parte da súa publicidade na prensa galega (26,66%).


Dentro das Empresas privadas as que máis publican son as dúas principais caixas de aforros, Caixa Galicia e Caixanova, e máis os centros comerciais, como Área Central (Santiago), o Odeón (Narón) ou o Centro Comercial A Barca (Pontevedra). Caixa Galicia publica un total de 666 módulos en galego, que equivale ao 17,68% do publicado polas empresas privadas, mentres que Caixanova queda no 14,38%.

A lingua galega é usada en maior medida na publicidade nas autopromocións, máis do vinte por cento e, escasamente, nas necrolóxicas. Hai que salientar que a proporción (22,2%) duplica á existente para toda a superficie publicitaria. O xornal que máis emprega o galego como ferramenta para a súa propia promoción (aínda que despois o uso que faga da lingua á hora de informar sexa testemuñal) é *La Voz de Galicia*, que usa o galego en máis da metade das súas autopromocións (52,34%).


*El Progreso* achégase ao cincuenta por cento (46,34%) e o *Diario de Pontevedra* rolda o corenta (39,06%). *Faro de Vigo*, *La Opinión*, *Diario de Ferrol* e *Atlántico Diario* apenas usan o galego para autopromocionarse (Figura 5).

A sección onde máis publicidade en galego se edita é a de Local con máis de dous de cada dez módulos (22,03%) da superficie publicitaria total en galego. Tamén é frecuente a inserción de publicidade en galego nas seccións de Comarcas, co doce por cento (12,06%), Galiza con case dez

**Figura nº 4. Publicidade inserida en galego, por tipo de anunciante, sobre o total de publicidade en lingua galega**



**Figura nº 5. Proporción de lingua galega nas autopromocións dos xornais de Galiza**



(9,79%) e Servicios, co 7,53%. Fóra das seccións habituais, son particularmente elevadas as proporcións de publicidade en galego inseridas nos chamados “especiais”, superior ao cinco por cento e, sobre todo, nas páxinas marcadas como “publicidade”,

que reúnen máis do dezasete por cento do total (17,26%). Pola contra, hai seccións nas que rara vez se insire publicidade en galego, como España, Mundo, Sociedade ou as portadas e contraportadas, cada unha delas por debaixo do dous por cento.

**7. Estudos precedentes: comparación<sup>6</sup>**

**Táboa nº 6. Evolución da proporción de lingua galega nos xornais do país, segundo diversos estudos**

Xornal	1977	1982	1987	1990	1993	2003
La Voz de Galicia	4,59	3,11	3,56	5,39	4,13	5,56
Faro de Vigo	1,7	3,17	4,43	2,98	2,47	3,89
El Correo Gallego	3,25	2,36	6,18	9,07	5,08	5,82
La Región	3,85	2,25	4,79	3,61	2,97	6,4
El Progreso	2,1	1,89	4,85	2,63	3,42	5,01
La Opinión	-	-	-	-	-	3,22
Diario de Pontevedra	1,03	0,76	1,8	2,96	2,34	7,5
El Ideal Gallego	3,06	1,88	2,45	3,01	1,35	2,75
Diario de Ferrol	-	-	-	-	-	5,08
Diario de Arousa	-	-	-	-	-	7,72
Atlántico Diario	-	-	-	4,2	2,62	3,76
Diario 16	-	-	-	3,24	2,76	-
Media	2,8	2,2	4,01	4,12	3,02	5,11

Nos últimos trece anos o galego aumentou lixeiramente a súa presenza na prensa escrita, en case un punto porcentual, pasando do 4,12 ao 5,11, se ben a subida é maior se comparamos o dato máis recente co de 1993, que baixaba até o 3,02 por cento. Por xornais, soben a maioría, nomeadamente *La Región*,

*El Progreso* e *Diario de Pontevedra*, que case dobran os seus datos. Pola súa banda, *La Voz de Galicia* e o *Faro de Vigo* soben menos que a media, mentres que *El Ideal Gallego*, o *Atlántico Diario* e, sobre todo, *El Correo Gallego*, baixan con respecto a 1990.

Redacción e publicidade en galego seguen tendencias semellantes nas tres medicións: baixan entre 1990 e 1993 e soben, acadando o seu máximo, no 2003.

O ascenso é maior na redacción, se tomamos como referencia o ano 1990, en cambio, se comparamos os datos do noso estudo cos de 1993, crece máis a publicidade. E é que as cifras de 1993 amosaban unha gran desproporción en favor da superficie redaccional en galego (aproximábase a dous terzos de todo o publicado no noso idioma), mentres que en 1990 e 2003 redacción e publicidade iguálanse bastante.

### **Opinión dos lectores de prensa**

¿E que opinan os lectores dos xornais? O estudo *A información en galego* incluía unha enquisa realizada a unha mostraxe de 400 lectores de prensa diaria de toda Galiza. Menos de tres de cada dez (28,2%) afirmaban ter problemas para comprender as

informacións que se publicaban en galego, unha porcentaxe que só se incrementaba significativamente entre os maiores de 55 anos (47%) e de 65 (39%). De igual xeito, máis do oitenta por cento dos enquisados aseguraba ler as informacións que se publicaban en galego nos xornais. Outra das grandes conclusións que se podían tirar do estudo era unha reivindicación xeral a prol dunha maior presenza do galego na prensa. Así, máis de dous terzos (70%) consideraban que había “pouca” ou “moi pouca” información en galego na prensa do país, fronte a un 24 por cento que consideraba “suficiente” a presenza da nosa lingua e a un anecdótico 3,3% que consideraba que se publicaba “moito” ou “demasiado” en galego.

Case tres de cada dez galegos (26,5%) consideraban que os xornais do país deberían ser redactados integramente en galego ou cunha maioría de espazos na nosa lingua, fronte a unha porcentaxe lixeiramente superior (31,3%) que avogaba pola situación actual (monolingüismo castelán ou, como pouco, predominio) e unha maioría de case o corenta por cento (38%) que apostaba por unha igualdade (50-50), en todo caso moi afastada da actual situación. Por grupos de idade, os máis novos afirmaban preferir unha prensa maioritariamente en galego (48,1%, os menores de 25 anos, e 40,9%, os menores de 35), as xeracións maduras defendían a igualdade entre as dúas linguas (aínda que cunha maior preferencia cara ao castelán que cara ao galego) e os maiores de 55 anos defendían o mantemento da actual distribución lingüística.



**Bibliografía**

**Álvarez Pousa, Luis**, *Os medios de comunicación galegos e a lingua galega*, en *Xornadas de Formación en Lingua Galega para os Equipos de Normalización Lingüística nos centros educativos*, Santiago, Dirección Xeral de Política Lingüística, 1994.

**Consello da Cultura Galega**, *Guía da lingua galega. Centros e servicios*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 2001.

**Consello da Cultura Galega**, *Informe da Comunicación en Galicia*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1993.

**Consello da Cultura Galega**, *Actas dos II Encontros de Normalización Lingüística*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1999.

**Consello da Cultura Galega**, *Actas dos III Encontros de Normalización Lingüística*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 2000.

**Consello da Cultura Galega**, *Actas dos IV Encontros de Normalización Lingüística*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 2002.

**Consello da Cultura Galega**, *Sobre a situación da lingua*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1990.

**Ramallo, Fernando**, *Vender en galego*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1997.

**Ramallo, Fernando**, *O Galego na publicidade*, en *Actas dos IV Encontros de Normalización Lingüística*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 2002.

**Ramallo, Fernando e Rei Doval, Gabriel**, *Publicidade e lingua galega*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1995.

**Túñez, Miguel**, *Da teoría á práctica*.

*Perfil do xornalista galego*, Santiago, Edicións Lea, 1996.

**Túñez, Miguel**, *A Situación Laboral dos Xornalistas Galegos*. Santiago, CPXG, 2002.

**Túñez, Miguel e López, Xosé**, *Condicións laborais e actitudes profesionais nos medios de comunicación*, Santiago, Ponencia de Comunicación, Consello da Cultura Galega, 2000.

**VV.AA.**, *Decenário A Nosa Terra*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1988.

**VV.AA.**, *A información en galego*, Santiago, Edicións Lea, 1996.

<sup>1</sup> Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>2</sup> Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>3</sup> Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>4</sup> Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>5</sup> Táboa nº1. Aptitudes lingüísticas dos cidadáns de Galiza na lingua galega. Fonte:

	Entenden	Falan	Len	escriben
TOTAL: 2.587.407	2.565.728	2.355.834	1.776.401	1.491.429
%: 100	99,16	91,05	68,66	57,64

Censo 2001. INE

<sup>6</sup> Os tres primeiros datos corresponden aos estudos elaborados por Víctor M. Rico mediante a análise de todos os números publicados nos meses de xaneiro de cada un dos anos. Debido a que seguen metodoloxías moi distintas aos estudos posteriores (non analiza superficie, senón o número de pezas publicado), só o tomamos como referencia. Os datos de 1990 e 1993, en cambio, están recollidos no estudo *A información en galego*, que ao seguir unha metodoloxía de traballo semellante á presente investigación pódenos servir para medir a evolución da presenza do galego nos medios.